

## COMISIÓN DE GARANTÍA INTERNA DA CALIDADE DA FACULTADE DE DEREITO DE OURENSE

### ACORDOS ADOPTADOS NA REUNIÓN ORDINARIA DO DÍA 7 DE NOVEMBRO DE 2014

Acórdase por asentimento:

- i. Aprobar a acta da reunión ordinaria do día 10 de outubro de 2014. En relación coa acta do día 24 de outubro de 2014, aprobala coas seguintes modificacións<sup>1</sup>:
  1. No principio da acta modifícase a data, xa que pon 10 outubro e ten que por 24 de outubro.
  2. Engádense como anexos a acta os autoinformes finais de seguimento das titulacións de Graduado/a en Dereito pola Universidade de Vigo, Máster universitario en Avogacía pola Universidade de Vigo e Máster universitario en Información Técnica do Medicamento.
- ii. Validar as iniciativas da Facultade en relación coa xestión de publicacións periódicas:
  - a. A posta en marcha dunha publicación *online* sobre auga e sostibilidade.
  - b. O apoio do Decanato a revista "Ourenlex" xestionada pola delegación de estudantes.
  - c. Que se hai persoas interesadas en propoñer ideas e en traballar no Anuario da Facultade, poden presentar unha proposta que se analizaría nesta comisión e na Xunta de Facultade.
- iii. Validar os modelos guías de Informes de acción de coordinación das titulacións adscritas ao centro<sup>2</sup>.
- iv. A comisión analiza os resultados das enquisas das tablas 1. "Relación Sistema de Garantía Interna de Calidade (SGIC) - Seguimiento de Títulos Oficiales (STO): procedimientos, evidencias e indicadores principais asociados a cada criterio" dos tres títulos adscritos á Facultade –Grao en Dereito, Máster universitario en Avogacía e Máster universitario en Información Técnica do medicamento- e valida, por asentimento, o Informe anual de resultados do centro do curso 2013/2014<sup>3</sup>.
- v. Validar o informe final de resultados do Plan de melloras do curso 2013/2014.
- vi. Validar o Plan de melloras do centro para o curso 2014-15 e dos Plans de melloras das Titulacións adscritas ao centro<sup>4</sup>.
- vii. Validar a normativa de composición e funcionamento da comisión de coordinación do Máster universitario en Avogacía.
- viii. Validar o informe de acción de Coordinación do curso 2013/2014<sup>5</sup>.

---

<sup>1</sup> As actas poden consultarse na Secretaría do Decanato.

<sup>2</sup> Os modelos de guías poden consultarse na Secretaría do Decanato.

<sup>3</sup> O informe pode consultarse na Secretaría do Decanato.

<sup>4</sup> O Plan de melloras do centro e os Plans de melloras das Titulacións poden consultarse na Secretaría do Decanato.

<sup>5</sup> O informe pode consultarse na Secretaría do Decanato.

- ix. Ante a imposibilidade fáctica de acometer nas condicións actuais as obrigas derivadas da implantación do Sistema de Garantía Interno da Calidade do centro incluídas no plan de melloras do título, a comisión acorda por asentimento avalar a decisión de non volver a ofertar o Máster e propoñer a súa desvinculación da Facultade de Dereito.
- x. Solicitar ao Decanato e ao centro que adopte todas as medidas que sexan necesarias para salvagardar os dereitos dos estudantes matriculados no Máster Universitario en Información Técnica do Medicamento.
- xi. Propoñer ao Decanato que adoite todas as medidas que sexan precisas para salvagardar os dereitos dos estudantes na docencia das materias de Dereito Comunitario e Dereito da Unión Europea.

Decanato  
Facultade de Dereito  
Universidade de Vigo

Ourense, 12 de novembro de 2014  
A secretaria

M<sup>a</sup> Dolores Fernández Fustes

DILIXENCIA para facer constar que os acordos adoptados na reunión ordinaria da Comisión de Garantía Interna da Calidade da Facultade de Dereito de Ourense celebrada o día 7 de novembro de 2014 se publicaron oficialmente no taboleiro de anuncios da Facultade o día 12 de novembro de 2014.

A SECRETARIA

M<sup>a</sup> Dolores Fernández Fustes